

# PIONEIRAS #01

## LOIS WEBER

# 1465

ESTREA EN NUMAX: 20.02.2025 | V.O.S.E.

### "Suspense"

Lois Weber / Phillips Smalley | 1913 | 10 min  
Extraordinaria curtametraxe protagonizada pola propia Lois Weber na que, partindo do intento de rapto dunha muller e o seu neno, a cineasta demostra o seu dominio da narración cinematográfica, cun uso pioneiro da montaxe e o encadre.

### "A mancha"

Lois Weber / Phillips Smalley | 1921 | 94 min  
Sutil melodrama doméstico rodado e ambientado durante a crise de 1921 que denuncia os baixos salarios dos docentes ao tempo que pon en evidencia a estreita relación entre o matrimonio e o futuro económico das mulleres. O filme converteu en estrelas a Claire Windsor e Louis Calhern.



## Suspense

Por Caryn James

“Eu medrei nunha industria onde todos estaban tan preocupados buscando o seu oco de mercado que ninguén tiña tempo para decatarse de que unha muller estaba conquistando o seu espazo”, lembraba Lois Weber. Criada en Pensilvania, de nova cantaba nunha igrexa e polas rúas, en misións evanxelizadoras, e máis tarde atopou no cinema unha maneira de transmitir as súas inquedanzas sociais. Pero foi sempre unha rebelde. Subiu aos palcos cando iso aínda significaba unha mancha na reputación dunha muller, até que deixou o teatro ao casar co actor Phillips Smalley para comezar a facer filmes. Nun principio asinaban xuntos as películas pero axiña quedou claro que a forza creativa era de Lois.

Un dos seus primeiro filmes, *Suspense*, é visto aínda hoxe como unha pequena obra de arte. Con 11 minutos de duración é comparable ao mellor Hitchcock. A propia Weber interpreta a esposa, soa co seu bebé nunha casa remota, cando un home tenta entrar na casa. Ela chama o seu marido que está na oficina e Weber decide dividir a pantalla en tres triángulos para que poidamos ver a un tempo o asaltante, a muller e o marido. Despois haberá un primeiro plano do asaltante observando a través do buraco da chave. Weber emprega tamén por vez primeira efectos hoxe habituais nos filmes de suspense, como cando corta o fío de teléfono cun coitelo.

A tensión conseguida grazas ás técnicas pioneiras de montaxe cinematográfico é enorme e mesmo se *Suspense* tivese sido a única obra de Weber habería que considerala como unha figura importante na historia do cinema.

Publicado en [bbc.com](http://bbc.com)

## A mancha

Por Richard Brody

Lois Weber, unha das directoras máis talentosas da época muda, centro este melodrama da vida dunha vila americana de 1921 na denuncia da pobreza de persoas fundamentais na sociedade. O profesor Griggs (Philip Hubbard) non pode alimentar a súa familia co seu salario, a pesar das contribucións da súa filla Amelia (Claire Windsor), que traballa na biblioteca local. Un dos estudantes frívolos e de alta sociedade do club de campo da vila, Phil West (Louis Calhern), séntese atraído por Amelia e, finxindo interese nos libros, preséntase na súa casa como pretendente. A señora Griggs (Margaret McWade) soña que Amelia vai casar co rico Phil pero a quen Amelia realmente ama é tan pobre coma seu pai.

No entanto, con Amelia literalmente a morrer de fame, a señora Griggs vese tentada a cometer delitos vendo as despensas a rebozar dos seus veciños. Weber filma este drama marcado pola dor cun ollo meticuloso por captar os detalles reveladores (zapatos gastados, alfombras rotas, mobles desgastados) e os matices da observación social e os ocultamentos dos que dependen o orgullo e a vergoña. A medida que o drama avanza vai acadando alturas insospeitadas e Weber diríxeo cara a unha conclusión sorprendentemente rápida.

Publicado en [newyorker.com](http://newyorker.com)